



AXUDAS FOEXGA GRANDES EMPRESAS 2025 CONVOCATORIA

RESOLUCIÓN de 6 de mayo de 2025 por la que se da publicidad del acuerdo del Consejo de Dirección que aprueba las bases reguladoras de las ayudas Grandes empresas en Foexga 2025, y se procede a su convocatoria en régimen de concurrencia no competitiva (código de procedimiento IG423A) -
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250516/AnuncioO92-060525-0001_es.html

A Cámara de Comercio de Santiago de Compostela e o Igape convocan unha

VISITA A FEIRA WHX - DUBAI

LUGAR: DUBAI (EAU)

SECTOR: SALUD

Entre o 08 e o 13 DE FEBREIRO DE 2026

Nº de Expediente Grandes Empresas – IG423A-2025-000-000047

Nº de Expediente de Pymes al que está asociado – IG422B -2025-000-000081

CUSTO DE INSCRICIÓN

OPCIÓN 1 – INSCRICIÓN NA FERIA – 1 PERSOA

- **CUSTO FINAL (APROXIMADO) PARA A EMPRESA UNHA VEZ RECIBA A SUBVENCIÓN DO 30%**
Aproximadamente: 1850 €
- **CUSTO A PAGAR AGORA PARA QUE A EMPRESA SE INSCRIBA NA ACCIÓN**
2.650 € + IVE = 3.206,50 €
A feira celebrarase do 09 ao 12 de febreiro.

Máis información sobre a feira WHX (Dubai) 2026:

<https://www.worldhealthexpo.com/events/healthcare/dubai/en/home.html>

IMPORTANTE

- A Cámara está reflectindo neses importes un precio estimado medio de voos, hotel, seguro e custos de acceso. A maiores a empresa pode facer máis gasto que sexa subvencionable no caso por exemplo de necesitar tradutores, enviar mercadoría ou outros como os reflectidos nas bases no Artigo 3.2 das mesmas (https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250410/AnuncioO92-310325-0001_es.html)
- Ao rematar a acción e antes de presentar a liquidación ao IGAPE para a subvención, a Cámara axustará coa empresa os importes aos gastos reais feitos pola empresa na acción. Este axuste poderá ser a favor da empresa (no caso de que gastase menos do anticipo previsto) ou a favor da Cámara (se a empresa tivo gastos superiores ao importe pagado para inscribirse na acción)

ORGANIZACIÓN DA ACCIÓN

- **ORGANIZA:** Cámara de Comercio de Santiago de Compostela e Igape
- **COFINANCIA:** FEDER / IGAPE
- **SECTOR:** SAÚDE
- **DATAS:** Entre o 08 e o 13 de febreiro de 2026.

SELECCIÓN DAS EMPRESAS

A selección efectuarase respectando a orde de entrada da inscrición e ata o esgotamento das prazas dispoñibles, sempre que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria.



CONTÍA DA AXUDA

A contía da axuda será dun **30 % de subvención sobre os conceptos subvencionables**.

PLAN DE VIAXE PREVISTO / DESEÑO VIAXE / PERSOAS PARTICIPANTES

PLAN DE VIAXE

Entre o 08 é o 13 de febreiro 2026.

PERSOAS QUE PODEN PARTICIPAR EN REPRESENTACIÓN DA EMPRESA

Unicamente subvencionaranse os gastos de viaxe do persoal propio da peme participante, ou que forme parte do consello de administración da mesma.

PROCESO DE INSCRICIÓN

Data límite de inscrición

- **1 de Diciembre**


Por favor inscribanse canto antes na acción. Sexan conscientes que os prezos de voos e hoteis serán máis altos a medida que reserven preto das datas indicadas. Por iso o axuste na liquidación pode ser ao alza a medida que pase o tempo xa que os prezos reflectidos para voos e hoteis nesta convocatoria son medios e estimados.

Proceso de inscrición na acción

IMPORTANTE: Antes de nada, teñan en conta que necesitan ter un **CERTIFICADO DIXITAL** para poder realizar todas as xestións telemáticamente ante o IGAPE.

PASO 1 – Acceder á Oficina Virtual do Igape

- Acceder á oficina virtual do IGAPE no seguinte link - <https://sedegl-idbroker-ext.xunta.gal/cas/login?service=https%3A%2F%2Fspiga-sede.igape.es%2Flogin%2Fcas>



PASO 2 – Comprobar se a empresa está dada de alta en “Programas de Internacionalización – IG192” do Igape




- Unha vez que estea dentro da OFICIÑA VIRTUAL, debe comprobar se a súa empresa está xa dada de ALTA EN PROGRAMAS DE INTERNACIONALIZACIÓN – IG192
 - **EMPRESA XA DADA DE ALTA**
Pode continuar co proceso no PASO 3.
 - **EMPRESA NON DADA DE ALTA**
 - Deberá acceder ao apartado “SOLICITUDES” > “CREAR SOLICITUDES” e no apartado “TIPO DE PROCEDIMENTOS” buscar o IG192 - “ALTA EN PROGRAMAS DE INTERNACIONALIZACIÓN”
 - Teñen que acceder a ese formulario e solicitalo.
 - O IGAPE daralle á empresa un número de alta que lle valdrá para o proceso de inscrición na acción e tamén para calquera subvención de internacionalización que pida ao IGAPE a partires de agora.

PASO 3 – Inscrición na acción correspondente – IG423A

- En terceiro lugar, terán que ir ao apartado “SOLICITUDES” > “CREAR SOLICITUDES” e no apartado “TIPO DE PROCEDIMENTOS” buscar o IG423A - “FOEXGA GRANDES EMPRESAS”
- Nese apartado ten que premer (pinchar) no icona con fondo azul que lle sinalamos cun círculo vermello a continuación:

- Accedan a ese apartado e terán que cubrir tódolos datos e subir os arquivos que lle pidan dende o IGAPE.
- Unha vez remate, deberán de ir ao apartado LISTAR ACCIÓNS FOEXGA NAS QUE ESTOU INSCRITO:



- E unha vez nese apartado, poderán ver a acción na que se inscribiu e descargar o xustificante de presentación que se chama INFORME SOLICITUD PARTICIPACION ACCIÓN:

Listar accións FOEXGA nas que estou inscrito

Código	Data	Estado	
IG422B-2025-000-000001	16/05/2025 11:36:26	Confirmado	
IG422B-2025-000-000001	16/05/2025 11:42:00	Confirmado	

- **MOI IMPORTANTE:**
 - Cando estean cubrindo o formulario, é posible que nalgún intre lles pidan que identifiquen en que acción están intentando inscribirse. O código desta acción para PEMES é: Expediente **IG422B -2025-000-000081**
 - Se teñen problemas coa inscrición, teñen que contactar co IGAPE. Dende a Cámara non temos acceso telemático á plataforma do IGAPE para seguir as inscricións das empresas polo que só dende o IGAPE poderán axudar á empresa que tivese problema para inscribirse:

Mail: internacionalizacion@igape.es

T. 900 815 151



PASO 4 – Inscripción e pago ante a Cámara de Comercio

Enviar a Cámara a seguinte documentación:

1. Inscripción ante IGAPE (formulario IG423A): Formulario de solicitude de participación na acción que foi completado ante o IGAPE.
2. Solicitude ao IGAPE (instancia asinada pola empresa):
3. No caso de inscrición dunha sociedade (non autónomos): Copia da acreditación da representación legal (escritura de constitución ou poder notarial).

4. Certificados de estar ao corrente con:

Axencia Tributaria (AEAT)

Seguridade Social (TGSS)

Facenda autonómica (Consellería de Facenda da Xunta de Galicia).

5. Documento de mínimos asinado:

Pode obterse nesta ligazón da BDNS: <https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/GE/es/concesiones/consulta>

Debe estar asinado polo representante legal da empresa.

Debe abarcar os 3 últimos anos desde a data de inscrición (por exemplo, se se inscriben o 02/05/2025, o certificado debe cubrir do 02/05/2022 ao 02/05/2025).

6. **Pago:** adxuntar copia da transferencia polo valor da opción escollida a: Cámara de Comercio de Santiago de Compostela

- Nº de conta: **ABANCA:** ES37 2080 0300 80 3040113939
- Concepto: Visita feria WHX 2026

- PASO 5 – Confirmación de inscrición por parte da Cámara de Comercio

- Unha vez que a Cámara reciba toda a documentación requirida (incluído o xustificante de pago), confirmará á empresa a súa aceptación na acción, a condición de que haxa prazas dispoñibles.
- A Cámara poñerá en contacto á empresa coas axencias de viaxes encargada de organizar os servizos de voos, seguros e aloxamento, así como co resto dos provedores se fose necesario.

LIQUIDACIÓN E COBRO AXUDAS

PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

- Nun prazo de 1 mes dende a data final de remate da acción, a Cámara solicitará ao IGAPE á subvención para cada empresa:
- A Cámara solicitará as empresas a documentación necesaria para solicita-la subvención.
- Axustará cantidades coas empresas (a favor ou en contra do importe inicialmente pagado pola empresa) en función do custos reais nos que incorrerá a empresa (voos, hoteis, etc.).

REVISIÓN E PAGO DA SUBVENCIÓN

- IGAPE revisará a documentación presentada e solicitará a subsanación da mesma se procede.



- Unha vez estea correcta a documentación presentada, o IGAPE procederá ao pago da subvención de tódalas empresas á Cámara e a Cámara. E esta remitirá nun prazo máximo de 10 días a cada unha das empresas o seu importe correspondente.
- Será de aplicación a regulación sobre o réxime de xustificación, pagamento, reintegro e réxime sancionador de subvencións contida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS

Artigo 7 das bases de axuda. Poden consultar o mesmo na seguinte ligazón -
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250516/AnuncioO92-060525-0001_es.html

OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Artigo 8 das bases de axuda. Poden consultar o mesmo na seguinte ligazón -
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250516/AnuncioO92-060525-0001_es.html

GASTOS SUBVENCIONABLES

Custos directos (conceptos)	Límite de gasto subvencionable para cada peme e acción na que participe
Cotas de inscrición nos eventos promocionais non expositivos dos citados no artigo 3.1.b). Así como custo das entradas a feiras, congresos ou eventos de recomendado interese e incluídos no programa das actuacións.	
Asistencia externa en destino para a realización de axendas e para organización da acción.	
Gastos de intérpretes para accións individuais e conxuntas.	
Aluguer do espazo, stand e/ou salas para a realización da acción, gastos de decoración básica, aluguer de mobiliario, gastos de subministros básicos no stand (luz, auga, limpeza), inserción no catálogo de expositores e outros gastos de servizos inherentes ao evento expositivo.	
Gastos de envío de mostras sen valor comercial e catálogos co seu seguro correspondente	
Viaxe dunha persoa da peme participante (2 persoas no caso de actuacións das citadas no artigo 3.1.b).	Datas da viaxe subvencionable: entre a data da convocatoria e a data límite de presentación da solicitude de cobramento. Só se subvencionarán os gastos correspondentes a avión, tren, barco e/ou autobús, que sexan necesarios para o desenvolvemento da acción. Incluídos os traslados internos no/s país/es nos que se celebre a acción. Non serán subvencionables os gastos de transporte en vehículo particular nin taxis. Só se subvencionarán este tipo de custos cando a persoa que viaxa sexa persoal propio da empresa, ou forme parte do consello de administración da mesma.



Custos directos (conceptos)	Límite de gasto subvencionable para cada peme e acción na que participe
Aloxamento dunha persoa da peme participante en réxime de aloxamento ou aloxamento e almorzo (2 persoas no caso de actuacións das citadas no artigo 3.1.b).	Só se subvencionarán pernoctas comprendidas entre as datas das actuacións cun máximo de 5 pernoctas (7 pernoctas no caso de actuacións das citadas no artigo 3.1.b). No caso de accións en máis dun país, engadiranse un máximo de 3 pernoctas máis subvencionadas por país, cun máximo total de 12 pernoctas. Só se subvencionarán este tipo de custos cando a persoa que viaxa sexa persoal propio da empresa, ou forme parte do consello de administración da mesma.
Traslados grupais.	Só se subvencionarán os traslados que sexan contratados e facturados á cámara como organizadora, inclúense todos aqueles traslados en grupo que se realicen no marco da acción, incluídos os traslados dende e ata o aeroporto, así como traslados dende ou ata lugares onde se celebren reunións ou eventos incluídos no programa conxunto da acción. Quedan excluídos os traslados individuais de calquera tipo.
Taxa de visado e seguro de viaxe, incluídas as coberturas de cancelación, e custo de realización de probas PCR ou similares sempre que se consideren obrigatorias para a realización da viaxe, dunha persoa da peme participante. No caso das actuacións das citadas no artigo 3.1.b) dúas persoas por peme participante.	
Servizos prestados directamente pola entidade colaboradora organizadora da acción	
Gastos de organización da acción, información e asesoramento á peme, (dossier de mercado, asesorías telefónicas, reunións previas, seguimento da axenda de entrevistas, elaboración de listados, informes, e todas aquelas precisas para a eficiente organización da acción e a xestión da subvención para a peme).	
Parte proporcional do servizo de apoio técnico en destino.	A prestación deste servizo por parte da entidade colaboradora será obrigatoria en calquera actuación agrupada cunha participación igual ou superior a 4 empresas. Poderase solicitar a excepción desta obriga que se poderá acordar cando polas características da actuación desprenda que non aporta valor engadido a actuación.
Parte proporcional dos gastos de viaxe e aloxamento das persoas da entidade colaboradora designadas para prestar o servizo de acompañamento, incluídos os seguros de viaxe, as probas PCR ou similares, e os visados correspondentes	Só se subvencionarán pernoctas comprendidas entre as datas das actuacións cun máximo de 5 pernoctas (7 pernoctas no caso de actuacións das citadas no artigo 3.1.b).
Límites máximo de gasto subvencionable por todos os conceptos.	Por cada peme beneficiaria e por cada misión na que participe: 8.000 €. Este límite será de 10.000€ cando a misión se realice a máis dun país. Por cada peme beneficiaria e por cada evento expositivo no que participe: 32.000€.



PENALIZACIÓN POR BAIXA VOLUNTARIA DA EMPRESA

En caso de **BAIXA VOLUNTARIA DA EMPRESA**, establécense as seguintes penalizacións:

- A- Se a baixa se produce con 40 días ou máis de antelación á realización da acción, a penalización consistirá no aboamento dos gastos incorridos, ata o momento, por parte da empresa.
- B- Se se produce con 39 a 30 días de antelación á realización da acción, a empresa pagará o 50% da aportación establecida para participar na acción.
- C- Se se produce entre o comezo da misión e os 29 días anteriores á realización da acción, aboarase o 100 % da aportación.

Se os gastos reais ocasionados superan as ditas porcentaxes, se lles repercutirán a maiores.

INFORMACIÓN E INSCRIPCIONES

Fernando Perez-Soba
Departamento Comercio Exterior
Cámara de Comercio de Santiago de Compostela

Tfno: 981 59 68 00

e-mail: fpsoba@camaracompostela.org